



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución sobre o calendario laboral do ano 2027 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 68/2026, do 15 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da dirección territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia."

Á vista do que antecede, esta Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e a proposta dos Concellos da Provincia de Lugo elabora o seguinte

Calendario laboral 2027 para a provincia de Lugo

Decláranse inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello segundo a proposta dos mesmos, as datas recollidas na táboa anexa.

Todas as empresas da provincia deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo o calendario laboral para o ano 2027, de conformidade co establecido no artigo 34.6 do Estatuto dos Traballadores, para coñecemento e consulta dos traballadores.

Lugo, 23 de setembro de 2026.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Abadín	09/02/2027	Martes de Entroido	27/09/2027	San Cosme da Montaña
Alfoz	09/02/2027	Martes de Entroido	02/08/2027	Festa dos Chóferes
Antas de Ulla	24/06/2027	San Xoán	08/09/2027	Virxe dos Remedios
Baleira	09/02/2027	Martes de Entroido	12/08/2027	San Cristóbal
Baralla	09/02/2027	Martes de Entroido	27/08/2027	Festas de San Vitorio
Barreiros	09/02/2027	Martes de Entroido	24/08/2027	San Bartolo
Becerreá	24/06/2027	San Xoán	14/09/2027	Santo
Begonte	09/02/2027	Martes de Entroido	28/06/2027	San Pedro
Bóveda	01/09/2027	San Xil	15/09/2027	Divino Ecce-Homo
Burela	09/02/2027	Martes de Entroido	07/06/2027	Luns das festas patronais
Carballedo	26/07/2027	Festivo local	16/08/2027	Festivo Local
Castro de Rei	09/02/2027	Martes de Entroido	09/08/2027	Luns seguinte a San Roque e Dulce Nome de María
Castroverde	09/02/2027	Martes de Entroido	26/07/2027	Día posterior ao Santiago Apóstolo

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Cervantes	09/02/2027	Martes de Entroido	20/05/2027	Festa dos Remedios
Cervo	16/07/2027	Nosa Señora do Carme	16/08/2027	San Roque
Chantada	24/08/2027	Festa da Empanada	18/10/2027	San Lucas
Corgo (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	05/10/2027	San Froilán
Cospeito	09/02/2027	Martes de Entroido	08/09/2027	Nosa Señora Virxe do Monte
Folgoso do Caurel	19/08/2027	Festivo local	07/12/2027	Festivo Local
Fonsagrada (A)	09/02/2027	Martes de Entroido	13/09/2027	Festas Patronais de A Fonsagrada
Foz	16/07/2027	Festa do Carme	10/08/2027	San Lourenzo
Friol	09/02/2027	Martes de Entroido	12/07/2027	Luns de Santa Isabel
Guitiriz	09/02/2027	Martes de Entroido	24/06/2027	San Xoán
Guntín de Pallares	09/02/2027	Martes de Entroido	05/07/2027	Luns da Festa
Incio (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	24/06/2027	San Juan
Láncara	09/02/2027	Martes de Entroido	23/08/2027	Luns de San Roque
Lourenzá	09/02/2027	Martes de Entroido	30/08/2027	Luns do Conde Santo
Lugo	09/02/2027	Martes de Entroido	05/10/2027	San Froilán
Meira	09/02/2027	Martes de Entroido	16/08/2027	San Roque
Mondoñedo	13/09/2027	Nosa Señora dos Remedios	18/10/2027	As San Lucas
Monforte de Lemos	30/03/2027	Martes de Pascua	14/06/2027	San Antón
Monterroso	24/06/2027	San Xoán	29/09/2027	San Miguel
Muras	09/02/2027	Martes de Entroido	28/06/2027	San Pedro de Muras
Navia de Suarna	09/02/2027	Martes de Entroido	20/09/2027	Virxe das Dores
Negueira de Muñiz	09/02/2027	Martes de Entroido	16/08/2027	Virxe da Veiga
Nogais (As)	09/02/2027	Martes de Entroido	30/07/2027	Festa do Emigrante de As Nogais
Ourol	13/05/2027	Nosa Señora de Fátima	23/08/2027	Luns de Naseiro
Outeiro de Rei	09/02/2027	Martes de Entroido	05/07/2027	Luns de Santa Isabel
Palas de Rei	28/01/2027	San Tirso	14/09/2027	Ecce Homo
Pantón	10/05/2027	Feira do Viño	23/08/2027	Santa María de Ferreira
Paradela	09/02/2027	Martes de Entroido	29/09/2027	San Miguel
Páramo (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	11/06/2027	Festas da Primavera
Pastoriza (A)	09/02/2027	Martes de Entroido	18/10/2027	San Lucas
Pedrafita do Cebreiro	13/06/2027	San Antón	09/09/2027	Romaría Santo Milagro de O Cebreiro
Pobra de Brollón	09/02/2027	Martes de Entroido	27/08/2027	San Vitoiro
Pol	09/02/2027	Martes de Entroido	24/08/2027	Festa do Emigrante
Pontenova (A)	09/02/2027	Martes de Entroido	04/10/2027	Luns das Feiras
Portomarín	29/06/2027	San Pedro	06/09/2027	Santo Cristo das Victorias

Concello	Data 1	Denominación Data 1	Data 2	Denominación Data 2
Quiroga	29/03/2027	Luns de Pascua	11/11/2027	San Martiño
Rábade	09/02/2027	Martes de Entroido	13/08/2027	Nosa Señora da Asunción
Ribadeo	16/08/2027	San Roque	08/09/2027	Sant María do Campo
Ribas de Sil	29/03/2027	Luns de Pascua	16/08/2027	Festas Patronais
Ribeira de Piquín	09/02/2027	Martes de Entroido	23/04/2027	San Xurxo
Riotorto	09/02/2027	Martes de Entroido	29/06/2027	San Pedro
Samos	09/02/2027	Martes de Entroido	12/07/2027	Luns de San Bieito
Sarria	24/06/2027	San Xoán	08/09/2027	Virxe dos Remedios
Saviñao (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	03/08/2027	Festas Patronais de Escairón
Sober	08/09/2027	Romería de Cadeiras	20/09/2027	Festa do Carmen de Sober
Taboada	09/02/2027	Martes de Entroido	09/08/2027	Festas da Vila
Trabada	09/02/2027	Martes de Entroido	16/08/2027	Festivo Local
Triacastela	09/02/2027	Martes de Entroido	17/08/2027	Festivo Local
Valadouro (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	09/09/2027	Festa do Oito
Vicedo (O)	09/02/2027	Martes de Entroido	02/08/2027	Santo Estevo
Vilalba	31/08/2027	San Ramón, día do patrón de Vilalba	01/09/2027	Santa María, día da patrona de Vilalba
Viveiro	09/02/2027	Martes de Entroido	16/08/2027	San Roque
Xermade	09/02/2027	Martes de Entroido	09/08/2027	Luns de Santa María
Xove	09/02/2027	Martes de Entroido	30/08/2027	Festas Patronais

R. 2552

CONCELLOS**CASTRO DE REI***Anuncio***Aprobación inicial de suplemento de crédito número 02/2026.**

O Pleno do Concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 18 de setembro de 2026, aprobou inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 02/2026.

En cumprimento do disposto no artigo 179.4 en relación co 169 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.

O expediente poderá consultarse nas oficinas municipais no horario de atención ó público e no taboleiro de anuncios da sede electrónica desta entidade: <https://castroderei.sedelectronica.gal>

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Castro de Rei, 22 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2542

O CORGO*Anuncio*

O Sr. Alcalde, o día 10 de agosto deste ano, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA PROVISORIA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA PARTICIPAR no procedemento de selección de persoal, para cubrir mediante concurso-oposición, unha praza de Auxiliar Administrativo posto base e encargado/a da Secretaría do Xulgado de Paz como funcionario/a de carreira da escala de Administración Xeral.

ADMITIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO
ENCABO GONZÁLEZ, BELÉN MARÍA	**5601***	EXENTA
BOUZA DURÁN, ESTEBAN	**7099***	EXENTO
CASTEDO REY, JUAN JOSÉ	**5565***	EXENTO
NÚÑEZ LÓPEZ, ESTEFANÍA	**9994***	EXENTA
RODRÍGUEZ CABANAS, MIGUEL	**3365***	EXENTO
GARCÍA VARELA, BERTA	**3507***	EXENTA
RODRÍGUEZ CONSTELA, ANTÍA	**1603***	EXENTA
LÓPEZ VÁZQUEZ, VANESA	**5501***	EXENTA

EXCLUIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
ALMEIDA VIRGUEZ, PIERINA ZATILDET	**4329***	SI	Non presenta a solicitude no Modelo Anexo II
VILA DÍAZ, TATIANA	**5491***	EXENTA	Non presenta a solicitude no Modelo Anexo II

De conformidade coas bases da convocatoria, concédese un prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar das súa participación no procedemento.

O Corgo, 22 de setembro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2543

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

O Excmo. Concello en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 11-09-2026, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 13, reguladora da taxa sobre a prestación do servizo de alcantarillado. O citado acordo estará exposto ao público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e os expedientes administrativos poderán ser examinados nas dependencias do Concello para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da publicación. Entenderanse como definitivos os acordos provisionais se non se presentaren reclamacións a aqueles durante o dito período.

Folgoso do Courel, 14 de setembro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Sra. Dolores Castro Ochoa.

R. 2544

LOURENZÁ*Anuncio***NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO****Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Agosto de 2026.****EDICTO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 18 de Setembro de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Agosto de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil cento noventa e catro euros con cincuenta e cinco céntimos de euro (3.194,55€) , tres mil vinte e tres euros con trinta e dous céntimos de euro (3.023,32€) correspondente a dependencia , e cento setenta e un euros con vinte e tres céntimos de euros (171,23€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 18 de setembro de 2026.- A alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 2538

PANTÓN*Anuncio*

Na sesión celebrada o 11.09.2026, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o padrón fiscal do prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de agosto de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- -Tributo ao cobro: Prezo público pola prestación do SAF correspondente ao mes de agosto de 2026.
- Prazo de ingreso en período voluntario: 28.09.26 ao 28.11.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 02.10.26.

- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 22 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2545

Anuncio

De conformidade co previsto no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á aprobación provisional do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF) solicítase a opinión da veciñanza potencialmente afectada.

As persoas que así o consideren poden facer achegas sobre o documento exposto durante o prazo de 20 días laborais a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O documento atópase publicado no Portal de Transparencia na sede electrónica do Concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/transparency/e77cb32b-5338-4b45-81b2-2907af005713/>)

Pantón, 22 de setembro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2546

SOBER

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, 4 MESES, 100% DE XORNADA, DUN-HA TRABALLADOR-A, AUXILIAR ADMINISTRATIVO-A, (TITULACIÓN ACADÉMICA DE GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA (ESO) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE OU SUPERIOR.), NOMEAMENTO PERSONAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, PARA SERVIZOS ADMINISTRATIVOS, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO).

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 18/09/2026, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección dun-ha traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2026 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 18 de setembro de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2547

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE TRABAÑO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), E DACORDO COA SEGUINTE RELACIÓN:

1 POSTO DE TÉCNICO-A DE TURISMO, 5 MESES, 75% DE XORNADA, COA TITULACIÓN DE CICLO SUPERIOR EN GUÍA, INFORMACIÓN Y ASISTENCIA TURÍSTICA, DIPLOMADO-A EN TURISMO OU GRADO EQUIVALENTE.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 18/09/2026, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2026 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 18 de setembro de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2548

VILALBA

Anuncio

Expediente número: 3626/2026

Anuncio relativo as datas dos festivos locais no Concello de Vilalba para o ano 2027.

Polo Pleno da Corporación, na súa sesión celebrada o día 30 de xullo do 2026, acordouse fixar como festivos locais no Concello de Vilalba para o ano 2027 as seguintes datas, coincidentes coa celebración das festas patronais:

- Día 31 de agosto de 2027 (martes).- San Ramón, día do patrón de Vilalba.
- Día 1 de setembro de 2027 (mércores).- Santa María, día da patroa de Vilalba.

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, e para os efectos oportunos ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Vilalba, 22 de setembro de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 2549

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – OUROL***Anuncio***CONVOCATORIA AXUDAS TRANSPORTE ALUMNADO**

BDNS (Identif.): 927051

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/927051>)

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADEMICO 2025-2026)

Ourol, 27 de agosto de 2026.- O alcalde presidente, José Luis Pajon Camba.

R. 2539

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS**TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO***Anuncio*

Resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo por la que se anuncia convocatoria de primera subasta pública mediante procedimiento abierto de bien inmueble de su propiedad.

Acordada su enajenación, se convoca subasta pública del inmueble propiedad de la Tesorería General de la Seguridad Social que se detalla a continuación:

Inmueble: URBANA- nave industrial ubicada en la rúa Agricultura nº 36-B localidad de Lugo. Figura inscrita a favor de la Tesorería General de la Seguridad Social en el Registro de la Propiedad nº 1 de Lugo con nº de finca 58292, tomo 1046, libro 607, folio 127, alta 2, una superficie de 552 m² y la siguiente descripción: *“parcela de terreno, en término de Lugo, parte del Polígono Industrial, denominado El Ceao, con una superficie de 552 m². Sobre la descrita finca, se ha construido una edificación, nave industrial, de una sola planta que ocupa la superficie de 494,50 m², siéndole adherente un trozo de terreno destinado a esparcimiento, que ocupa la superficie de 57,50 m²”*.

Referencia catastral es 6574042PH1667S0001XJ.

Sin cargas.

La nave está exenta del Certificado de Eficiencia Energética.

El tipo de licitación es ciento ochenta y siete mil ciento cuarenta y cuatro euros (**187.144 €**).

La Garantía a constituir será del cinco por ciento (5%) del tipo de licitación: nueve mil trescientos cincuenta y siete euros con veinte céntimos (**9.357,20 €**).

El acto de la subasta pública tendrá lugar del día **26 de octubre de 2026, a las 10:45 horas**, en la sede la Dirección provincial de la TGSS, en Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 26 de Lugo, ante la Mesa constituida al efecto.

La subasta del inmueble relacionado se regirá por las cláusulas administrativas contenidas en el pliego de condiciones que se encuentra a disposición de los posibles licitadores en la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo, en Ronda Música Xosé Castiñeira en horario de 9 a 14 h. Igualmente podrá descargarse desde la página web de la Seguridad Social: www.seg-social.es en el apartado a un clic/compra y venta de inmuebles.

De conformidad con lo establecido en la condición 8ª del Pliego que rige la subasta, los interesados podrán formular ofertas escritas en sobre cerrado hasta las 14.00 horas del día 16 de octubre de 2026, debiendo presentarlas en el Registro General de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo, en Ronda Xosé Castiñeira nº 26 o en cualquiera de los registros previstos en la Ley 39/2015 de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El inmueble podrá ser visitado previa concertación de cita en los teléfonos 982.29.36.10 / 982.29.35.36 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

Lugo, 17 de septiembre de 2026.- El director provincial, Juan José Rodríguez Gude.

R. 2550